



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la suspensión de la circulación de trenes entre A Gudiña y Sanabria durante más de cinco horas el 2 de julio.**

Según Renfe, una «incidencia técnica de la maquinaria explotadora» mantuvo cortada la circulación ferroviaria entre A Gudiña y Sanabria el 2 de julio durante más de cinco horas y no se restableció el tráfico ferroviario hasta bien pasado el mediodía, después de las doce y media.

ADIF alegó que esta incidencia estaría relacionada con la falta de tensión en la catenaria que suministra la electricidad a los trenes. Un problema que detectó antes de comenzar la circulación habitual de los trenes de la jornada y que se situó entre la estación de Porta da Galiza, en la Gudiña y Puebla de Sanabria.

Este problema implicó la suspensión de todos los trenes que realizan el trayecto entre Galicia y Madrid, afectando a muchos pasajeros y pasajeras que en algunos casos debían enlazar con vuelos para destinos de vacaciones. Ante la falta de información, algunos usuarios se vieron obligados a alquilar vehículos para desplazarse con rapidez. Finalmente, la operadora ferroviaria desplegó un plan alternativo de transporte por carretera.

Al margen de este problema puntual en la catenaria, el Ministerio de Transportes debe conocer que las incidencias son reiteradas en la línea ferroviaria entre Galicia y Madrid. Sin ir más lejos, hay que recordar el enorme retraso del tren AVLO 04975 entre Madrid y Vigo del 24 de junio que sufrió varias incidencias, con un retraso de más de dos horas en su salida de la estación de Clara Campoamor en Madrid y que tardó más de siete horas en llegar al destino. Así, los retrasos son ya algo frecuentes, casi normalizados, sin que tengan que ver únicamente con las limitaciones de velocidad establecidas desde finales de enero.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son las causas de la falta de tensión en la catenaria que se produjo entre la



- estación de Porta de tramo en A Gudiña y Sanabria el 2 de julio y que obligó a cortar la circulación de todos los trenes durante más de cinco horas?
2. ¿Renfe informó en tiempo real a los viajeros y viajeras afectados, teniendo en cuenta que en esta época de vacaciones muchas de las personas viajeras debían llegar a tiempo para enlazar con vuelos y otros transportes?
 3. ¿Desplegó el plan de transporte alternativo por carretera de forma ágil? ¿En caso contrario, cuáles fueron las razones para no hacerlo? ¿A qué se debió el retraso en la adopción de esta medida?
 4. ¿Qué medidas ha adoptado o tiene previsto adoptar el Ministerio de Transporte para reducir las incidencias y los retrasos en los trenes AVE entre Galicia y Madrid?
 5. ¿Cómo prevé poner fin a los retrasos diarios que se están produciendo y cumplir con los estándares de puntualidad para ofrecer fiabilidad a los usuarios y usuarias?
 6. ¿Cuándo se van a recuperar los tiempos de viaje establecidos antes de las limitaciones de velocidad en los distintos trayectos del AVE a Galicia?

En Madrid, a 6 de julio de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 JUL 2026 11:52:00

Entrada **121920**

Pregunta incidencia catenaria A Gudíña

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita** relativas **á suspensión da circulación de trens entre A Gudiña e Sanabria durante máis de cinco horas o 2 de xullo.**

Segundo Renfe, unha “incidencia técnica da maquinaria explotadora” mantivo cortada a circulación ferroviaria entre A Gudiña e Sanabria o 2 de xullo durante máis de cinco horas e non se restabeleceu o tráfico ferroviario até ben superado o mediodía, despois das doce e media.

ADIF alegou que esta incidencia estaría relacionada coa falta de tensión na catenaria que fornece a electricidade aos trens. Un problema que detectou antes de comezar a circulación habitual dos trens da xornada e que situou entre a estación de Porta da Galiza, na Gudiña e Puebla de Sanabria.

Este problema implicou a suspensión de todos os trens que realizan o traxecto entre a Galiza e Madrid, afectando a moitos pasaxeiros e pasaxeiras que nalgúns casos debían enlazar avións para destinos de vacacións. Ante a falta de información, algúns usuarios víronse obrigados a alugar vehículos para trasladarse con rapidez. Finalmente, a operadora ferroviaria despregou un plan alternativo de transporte por estrada.

Á marxe deste problema puntual na catenaria, o Ministerio de Transportes debe coñecer que as incidencias son reiteradas na liña ferroviaria entre a Galiza e Madrid. Sen ir máis lonxe, hai que lembrar o enorme atraso do tren AVLO 04975 entre Madrid e Vigo do 24 de xuño que sufriu varias incidencias, cun atraso de

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 JUL 2026 11:52:00

Entrada **121920**



máis de dúas horas na súa saída da estación de Clara Campoamor en Madrid e que tardou máis de sete horas en chegar ao destino. Así, os atrasos son xa algo frecuente, case normalizado, sen que teñan que ver unicamente coas limitacións de velocidade establecidas desde finais de xaneiro.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cales son as causas da falta de tensión na catenaria que se produciu entre a estación de Porta de Galiza na Gudiña e Sanabria o 2 de xullo e que obrigou a cortar a circulación de todos os trens durante máis de cinco horas?
2. Informou Renfe en tempo real aos viaxeiros e viaxeiras afectados, tendo en conta que nesta época de vacacións moitos das persoas viaxeiras debían chegar en tempo para enlazar con voos e outros transportes?
3. Despregou o plan de transporte alternativo por estrada de forma áxil? En caso contrario cales foron as razóns de non facelo? A que se debeu o retraso na adopción desta medida?
4. Que medidas adoptou ou ten previsto adoptar o Ministerio de Transporte para reducir as incidencias e os retrasos nos trens AVE entre a Galiza e Madrid?
5. Como prevé pór fin aos atrasos diarios que se están a producir e cumprir cos estándares de puntualidade para ofrecer fiabilidade aos usuarios e usuarias?



6. Cando se van a recuperar os tempos de viaxe establecidos antes das limitacións de velocidade nos distintos traxectos do AVE á Galiza?

Madrid, a 6 de xullo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso